

## UNHA COR PROPIA

Texto e ilustración LEO LIONNI

Tradución de XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ

Cartoné. 22 x 22 cm. 36 páx. 14 €

[Unha cor propia](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-146-8. Álbum ilustrado. Tras os montes.

[Su propio color](#) (castellano)

ISBN 978-84-1343-147-5. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

[Un color propi](#) (català)

ISBN 978-84-18558-37-5. Àlbum illustrat. Clàssics contemporanis.

[Kolore baten jabe](#) (euskara)

ISBN 978-84-9172-266-3. Album irudidunak. Gaur egunko klasikoak.

[Uma cor apenas sua](#) (portugués)

ISBN 978-989-749-157-3. Álbum illustrado. Clássicos contemporáneos.

*Os papagaios son verdes.*

*As carpas douradas son vermellas.*

*Os elefantes son grises.*

*Os porcos son rosados.*

*Todos os animais teñen unha cor propia,  
menos os camaleóns.*

A mestría de Leo Lionni non precisa de fogos de artificio para transmitirle ao lector que as emocións do camaleón son tamén as súas e que as súas incertezas son compartidas.

“Unha cor propia” transmítenos o sentido de unicidade, e ao mesmo tempo de pertenza e de ciclicidade que caracterizan a existencia dos seres vivos.

Narra a aventura dun camaleón na procura da súa identidade e o descubrimento final de que o importante non é deixar de mudar de cor, senón compartila con alguén.

Imaxes esenciais e sinxelas en que prevalecen a cor e as transparencias, así como un texto mesurado, son as características deste álbum sinxelo e profundo á vez. Esta historia, que como todas as do autor está protagonizada por animais humildes, ten diferentes niveis de lectura e grazas a unha impecable construción narrativa, serán os nosos lectores quen interrogarán o libro.



## Unha cor propia

Leo Lionni



Kalandraka

■ **Temática:** identidade, autoestima, diversidade, amizade, socialización.

■ **Idade recomendada:** a partir dos 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** animais, camaleón, cores, do autor de “[Frederick](#)”, “[A casa máis grande do mundo](#)”, “[Paso a paso](#)”, “[Pequeno Azul e Pequeno Amarelo](#)”, “[O soño de Matías](#)”, “[Álex e o rato de corda](#)”, “[Nadarín](#)”, “[Cornelio](#)” e a serie “[Cores](#)” e “[Números](#)” (Kalandraka).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/unha-cor-propia-g>

### Leo Lionni

(Ámsterdam, Holanda, 1910 - Toscana, Italia, 1999)

Leo Lionni creceu nun ambiente artístico -a súa nai foi cantante de ópera, e o seu tío Piet, un grande afeccionado á pintura- e dende moi novo soubo que ese sería o seu destino. En cambio, a súa formación non foi artística, xa que se doutorou en Economía. En 1931 instalouse en Milán e entrou en contacto co deseño gráfico. Trasládouse a América en 1939, e traballou como publicista e deseñador. Medrou a súa fama como artista e os seus cadros comezaron a expoñerse nas mellores galerías, dende os Estados Unidos ao Xapón. Como el mesmo chegou a dicir: “Dalgún modo, nalgún lugar, a arte expresa sempre os sentimentos da infancia”. O seu primeiro libro para nenos non chegou ata 1959 e xurdiu case por casualidade: durante unha viaxe en tren ocorrúuselle entreter os seus netos cun conto feito a base de anacos de papel de seda. Así naceu “Pequeno Azul e Pequeno Amarelo”, ao que seguiron máis de 40 obras aclamadas en todo o mundo pola crítica especializada. Polos seus méritos como escultor, deseñador, pintor e ilustrador, recibiu en 1984 a Medalla de Ouro do Instituto Americano de Artes Gráficas, entre outros moitos premios.

www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com